

SARABELA
TEATRO

DIRECCIÓN
ÁNXELES CUÑA BÓVEDA

TRADUCCIÓN
CATUXA LÓPEZ PATO

A hand holding a pair of wooden chopsticks, which are holding a single, realistic-looking white tooth. The background is a solid, warm orange-red color.

O
DR GÓN
DE OURO

UNNA OBRA DE
ROLAND SCHIMMELPFENNING

The background features a stylized, dark grey dragon on the left and a brown sun with rays on the right. The dragon is depicted in a dynamic, coiled pose. The sun is a simple circle with radiating lines. The overall color palette is dark and moody, with shades of grey, brown, and black.

O DRAGÓN DE OURO

“

Traxedia contemporánea performática, con elementos grotescos.

Unha das obras de Roland Schimmelpfenning
máis representadas a nivel internacional.

PROVOCATIVA, INTRIGANTE, PRECIOSA!

”

SINOPSIS

Unha noite, nun edificio de varios pisos, nalgún lugar de Europa: un Mozo chinés sofre unha forte dor de moa na cociña do restaurante de comida rápida Tailandés-Chinés-Vietnamita, O Dragón de ouro. Non ten permiso de residencia, nin cartos e non pode ir ao dentista. Os compañeiros deciden arrincarlla. O Mozo tampouco atopa a súa irmá desaparecida.

No edificio viven moitos veciños. No balcón sobre O Dragón de Ouro, un ancián quere retroceder no tempo mentres a súa neta, grávida, está diante das ruínas da súa relación porque o seu mozo non quere fillos. No piso de abaixo, un home, a quen deixou a súa muller, visita ao seu amigo, un tendeiro enigmático que obriga a unha moza chinesa á prostitución. Dúas azafatas comen no restaurante. Unha delas topa e garda unha moa que caeu na súa sopa tailandesa.

Intercalada entre as escenas, está inserida a Fábula da Cigarra (que non gardaba nada no verán) e pídelle á Formiga que lle dea de comer durante o inverno. Ela acepta e obrígaa primeiro a traballar de balde, despois á prostitución que a Cigarra soporta ata que unha formiga vella (o avó) lle arranca unha antena e despois é gravemente ferida por unha formiga nova (o noivo). O mozo chinés morre desangrado na cociña do Dragón de Ouro. Os seus colegas envólveno nun tapiz e tíranlo ao río, que o leva a súa casa, ata a China, imaxinando o seu derradeiro soño. Inga, unha das azafatas, tira tamén a moa ao río.



POSTA EN ESCENA

Unha proposta moi lúdica que cuestiona e reflicte as peculiaridades do teatro, abrindo os poros da pel e da conciencia. Interpela, conmove e provoca impacto.

Desmiúzanse os caracteres á vista do público, mergullando aos espectadores e espectadoras nun universo fascinante, moi peculiar e harmónico.

Pola súa coherencia, organicidade e precisión empastada grazas a un equipo creador e profesional de primeira liña, cremos que a intriga e a experiencia que xera, estimulará unha recepción que desexe volver participar na cerimonia misteriosa do encontro. A audiencia constrúe as súas propias imaxes. Entre a retranscra e o marabilloso.





POR PRIMEIRA VEZ EN GALEGO!

Esta vai ser a primeira vez que poidamos escoitar e ver *O dragón de ouro* en galego. Para iso contamos coa inestimable colaboración do Goethe-Institut Madrid e a magnífica tradución de Catuxa Pato. Roland Schimmelpfening, o prolífico autor, ama e coñece moi ben a engrenaxe teatral e o espírito humano. Porén, abre a porta a unha dramaturxia escénica única, crítica, intensa, ateigada de luz que convida con enerxía á investigación na táboa. Os fondos e as formas que reinventa dan conta dun dos máis grandes dramaturgos da escena actual.

TEMAS CANDENTES

Aborda temas candentes no debate social contemporáneo: a inmigración ilegal, a prostitución forzada e a natureza cotiá das relacións humanas. Faino rachando moldes e estereotipos convencionais, dun xeito distanciado, cunha potencia persoalísima, cun humor fino e mesturando Fantasía e Realidade condensada. A poética das formas narrativas innovadoras, marcará o compás da posta en escena. Intriga caleidoscópica do performático, do collage, do grotesco, do cómico, do drama social e, por momentos, do descarnado para dar conta das historias, das situacións e dos diálogos.





ACTORES E ACTRICES

Participan nun **xogo** que require un estilo de actuación: directo, versátil, conciso. Cinco excelentes protagonistas, van encarnar 17 personaxes, en 14 espazos, 48 escenas, tecendo 6 historias, nun movemento áxil e rítmico. Son siluetas que exteriorizan estados mentais, "relatos de vida" subxectivos. Falan de si mesmos, describen, din o que pensan e senten. Con virtuosismo e inmensa capacidade de transformación de identidades, idades e xéneros.



EQUIPO SÓLIDO E COMPROMETIDO

ESTILO


Narrativo-cinematográfico cos seus rápidos cortes e fundidos cruzados. Reinventando a posta en abismo. Un desafío, un dos maiores retos da Compañía que ousa transitar na mestizaxe de texturas, de voces, de situacións fabulosas e nas distancias dunha teatralidade pouco común. Esa potencialidade só pode ser descuberta, descifrada e traducida ao escenario co traballo activo dun equipo sólido e comprometido. Cun equipo entregado e talentoso que con humildade, xenerosidade e entrega dá o mellor de si para habitar este Dragón de ouro que arela comunicarse coa súa comunidade.



A FÁBULA

As fábulas fan parte do noso imaxinario cultural. Nesta obra a fábula da Cigarra e A Formiga insírese no medio da obra e terá unha función metafórica e subversiva sorprendente. Nese movemento entre o fantástico e marabilloso, xorde a pregunta: como se pode estar á altura dunha peza con tal inmensa capacidade para provocar distintas interpretacións?

Esta Peza-fábula, que cuestiona a deshumanización e superpón mundos de ouro e sociedade, esixe veteranía, compromiso, capacidade para divertir e emocionar e versatilidade para narrar. SARABELA TEATRO constrúe este “Dragón de ouro” coas arelas de cambio que propón este universo único, para compartilo cunha audiencia cómplice e emancipada.



EQUIPO ARTÍSTICO

Autor: **Roland Schimmelpfenning**

Tradución: **Catuxa López Pato**

Dramaturxia e Dirección: **Ánxeles Cuña Bóveda**

ELENCO:



Fina
Calleja



Fernando
Dacosta



Sabela
Gago



Fernando
González



Fran
Lareu

O AUTOR

ROLAND SCHIMMELPFENNING

(Göttingen, 1967)

Despois dun longo período como xornalista en Istambul, estudou dirección de escena na Otto-Falckenberg-Schule de Múnic.

Desde 1996 traballa como autor independente, e dende o ano 2000 escribe pezas por encargo do Deutsches Schauspielhaus de Zúric, do Deutsches Theater de Berlín, do Schauspielhaus Bochum e do Burgtheater de Viena.

Entre as súas obras destacan: *Keine Arbeit für die junge Frau im Frühlingskleid* (1996), *A eterna María* (1996), *Die Zwiefachen* (1997), *Aus den Städten in den Wald, aus den Wäldern in die Städte* (1998), *Fisch um Fisch* (1998), *Hai moito tempo en maio* (2000), *MEZ* (2000), *A noite árabe* (2001), *Push-up 1-3* (2001), *Antes/Despois* (2002), *Alicia no país das maravillas* (2003), *A muller de antes* (2004), *Canto Minor* (2004), *Peggy Pickitt ve a cara de Deus* (2011), *Spam* (2014), *Solsticio de inverno* (2015) e *O lume grande* (2017), *O día en que xa non era eu* (2018), *Odisea* (2018), *The Circle Around the Sun* (2020).



En 2010 gañou o Mülheim Dramatikerpreis pola súa obra *O dragón de ouro*. As súas pezas foron interpretadas en máis de 40 países de todo o mundo. Actualmente é o autor alemán vivo máis representado.



REPARTO TÉCNICO

Escenografía e vídeo arte: **Iris Branco**

Diseño de iluminación: **Laura Iturralde**

Diseño de vestuario: **Ruth Díaz Pereira**

Asesoramento do movemento: **Rut Balbís**

Asesoramento do texto: **María Peinado**

Campo sonoro: **Renata Codda Font**

Composición musical: **Vadzim Yuknhevich**

Fotografía: **Rubén Vilanova**

Gravación en dvd: **Alba V. Carpentier**

Distribución: **Culturactiva**

Técnicos de luz e son: **José Bayón /**

Rubén Dobaño

Diseño gráfico: **Peatón Gráfico**

Realización vestuario: **Santos**

Realización escenografía: **Carlos Domínguez**

Comunicación: **Alberto Ramos**


Producción: **Fina Calleja**



**Iris
Branco**



**Laura
Iturralde**



**Ruth Díaz
Pereira**



**Rut
Balbís**



**María
Peinado**



**Vadzim
Yuknhevich**

CONDICIONS TÉCNICAS

5 Actores

AUDIENCIA:

- Maiores de 16 anos.

ESPAGO DE ACTUACIÓN:

- Ancho: 7 m.
- Fondo: 6 m.
- Alto: 4 m.

LUZ:

- Potencia de 40.000 W.
- Toma trifásica con neutro a pé do escenario.

MAQUINARIA:

- Ciclorama de fondo (pode aportalo a compañía).

VÍDEO:

- Proxector 3,500 lumens ou superior.

MONTAXE:

- Reserva do espazo para descarga e estacionamento dun camión.
- Presenza de persoal técnico do teatro durante a montaxe.
- Tempo de montaxe: 8 h.
- Tempo de desmontaxe: 2 h.

CARGA/DESCARGA:

- É imprescindible contar coa axuda de dúas persoas á chegada e á saída.

TÉCNICOS:

- 2 técnicos



The background features a stylized, dark grey dragon on the left and a brown sun with rays on the right. The dragon's head is partially visible, looking towards the right. The sun is positioned in the upper right corner. The overall color palette is dark and muted, with orange accents for the quotation marks.

ROLAND SCHIMMELPFENNIG estréase en galego con **“O DRAGÓN DE OURO”**, da man de SARABELA TEATRO no Principal de Ourense, este venres 23 de febreiro.

Foi unha noite memorable, porque ao desafiante enxeño lúdico-teatral de Schimmelpfennig, capaz de embutir o mundo, con toda a súa desapiadada crueldade, nunha restra de anacos fulgurantes, onde se mesturan elementos reais con outros fantásticos que nos axudan a revelar os primeiros, sumouse a creatividade de Sarabela, cunhas solucións escénicas fascinantes e un traballo de equipa de simbiose total, deportiva e de moita diversión compartida. Entre as escenas fulgurantes do enxeñeiro alemán e o dispositivo escénico de Ánxeles Cuña, no que actrices e actores xogan ao teatro como se xogasen ao mellor fútbol, actuando diferentes personaxes, á vez que nos narran moi sinteticamente, a traxedia de **“O DRAGÓN DE OURO”** en Ourense viviuse, iso me aconteceu a min e penso que non fun o único, con diversión e fondo abraio.

Tamén foi un pracer poder escoitar a Schimmelpfennig ao remate da función e intercambiar algunhas palabras con el. O grande autor alemán é un dos revolucionarios da dramaturxia contemporánea, deses dramaturgos que, alén de temas, contidos e estrutura, semella que inventa outro xeito de escribir e de imaxinar o teatro, dando lugar a formas (estilos) únicas. Grazas, Ánxeles Cuña e Sarabela por esa noite alucinante de teatro!

Afonso Becerra





CONTRATACIÓN

SARABELA TEATRO

629 860 580

sarablateatro@yahoo.es

www.sarablateatro.com

CRÉMILO

PROYECTOS CULTURALES

678 460 559

cmcarbonell@cremilo.es

www.cremilo.es



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



crémilo*
PROYECTOS CULTURALES
Y DIST. ESPECTÁCULOS

SARABELA
TEATRO